



ACTA N.º 6/2013
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 14 DE XUÑO
DE 2013

ASUNTOS

- I.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2013
II.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DUCHAS E LAVAPÉS
III.- PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE NIGRÁN: TRÁMITE DE APROBACIÓN INICIAL
IV.- COMUNICACIÓN DO GRUPO PSdeG-PSOE: ADSCRICIÓN DA CONCELLEIRA D.ª ANA PÉREZ PÉREZ ÁS COMISIÓNS INFORMATIVAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

Concelleiros/as:

- D. Ignacio Vilas González
- D. Alberto García Pazos
- D.ª Liliana Silva Pequeño
- D.ª Ana Rosa Costas Abalde
- D. José Álvarez Valverde
- D.ª M.ª Carmen Alonso Macías Jorreto
- D.ª Rosa Rodríguez Rodríguez
- D.ª M.ª José Pino Fernández

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez
- D.ª M.ª Dolores Araujo Duarte
- D.ª M.ª Dolores Martínez Losada
- D. Rubén Rial Sánchez
- D. Manuel Doldán Costas
- D.ª Ana Pérez Pérez

- MIXTO:

- D. Xavier Rodríguez Fernández
- D. Antonio Fernández Comesaña

Interventor: D. Modesto Solla Sanz
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez.

Outros datos da sesión:

- *Data:* Venres, 14 de xuño de 2013.
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán

- *Carácter da sesión:* extraordinaria.
- *Convocatoria:* primeira.
- *Hora de comezo:* 10:01
- *Hora de remate:* 12:26
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17

Incidencias:

- a) Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se produciron
- b) Outras incidencias: Durante a sesión, percíbese un ruído forte procedente do exterior da Casa Consistorial, producido polas persoas alí concentradas, que, en determinados momentos dificultaba o debate. Tamén se produciron algunhas chamadas á orde por parte da Presidencia a integrantes do público asistente, que interrompían as deliberacións.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen, respecto dos que se adoptaron os acordos que se fan constar:

I.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2013

A Comisión Informativa extraordinaria Especial de Contas, con data 10 de xuño de 2013, informa favorablemente o expediente da aprobación definitiva do orzamento xeral do exercicio 2.013, de conformidade coa seguinte proposta da Alcaldía:

Vista as reclamacións formuladas por don José Manuel Vázquez Varela e por don José Cuevas Raposo no período de exposición ao público do expediente administrativo correspondente ao orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2013.

Considerando que os únicos motivos de reclamación ao orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2013, no período de exposición ao público do mesmo, son os indicados no artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LRFL), así como no artigo 22.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, en materia de orzamentos (RDO).

Considerando que os motivos indicados nas reclamacións formuladas por don José Manuel Vázquez Varela e por don José Cuevas Raposo no período de exposición ao público do expediente administrativo correspondente ao orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2013 non están comprendidos en ningún dos tres supostos indicados nos artigos 170.2 da LRFL e 22.2 do RDO.

De conformidade co indicado polo Interventor Xeral neste Concello nun informe do día 6 de xuño de 2013, referencia T 58/13.



Esta Alcaldía, proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Desestimar a reclamación ao orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2013 formulada por don José Manuel Vázquez Varela o día 29.05.13 (rexistro de entrada número 6.818) por non estar comprendidos os motivos indicados na reclamación en ningún dos supostos establecidos nos tres apartados do artigo 170.2 d) do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (e no artigo 22.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da lei 39/1988, do 28 de decembro, en materia de orzamentos); así como polos motivos indicados no apartado a) dun informe do Interventor Xeral no Concello de Nigrán do día 6.06.13, referencia T 58/13.

Segundo.- Desestimar as reclamacións ao orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2013 formuladas por don José Cuevas Raposo o día 29.05.13 (rexistro xeral de entrada na Xunta de Galicia números 78.036 e 78.037; e rexistros de entrada no Concello de Nigrán números 7.071 e 7.072, do día 3.06.13) por non estar comprendidos os motivos indicados nas reclamacións en ningún dos supostos establecidos nos tres apartados do artigo 170.2 d) do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (e no artigo 22.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da lei 39/1988, do 28 de decembro, en materia de orzamentos); así como polos motivos indicados no apartado b) dun informe do Interventor Xeral no Concello de Nigrán do día 6.06.13, referencia T 58/13.

Terceiro.- Aprobar definitivamente o orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2013.

Cuarto.- Notificar este acordo aos reclamantes, indicándolle que contra a aprobación definitiva do orzamento xeral poderase interpor directamente (polos terceiros debidamente lexitimados) recurso contencioso-administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou, no seu caso, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución de competencias indicadas na Lei 29/1998, de 13 de xuño) na forma e prazos establecidos nas normas da citada xurisdicción; non suspendendo por si só a citada interposición a aplicación do orzamento xeral definitivamente aprobado polo Pleno do Concello (artigos 171 da LRFL e 23 do RDO).

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista: Como cuestión de orde pregunta ao Alcalde por que se retiraron cadeiras do salón de sesións, xa que se trata dun pleno moi importante e a xente ten dereito a escoitar aos Concelleiros; e por que non se poñen os medios técnicos para que os que están fóra poidan saber o que se está debatendo. Tamén se podería pasar ao auditorio e celebrar alí o Pleno, e que entre toda a xente que queira escoitar.

Sr. Alcalde-Presidente: É unha cuestión de aforo e tamén había medios de comunicación interesados en asistir. Fíxose o que é habitual e espera que todo transcorra dentro da normalidade. Este é o salón de plenos e non se dan circunstancias para cambiar de lugar.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Podería pasar a xente ao pasillo e que escoite o debate.

Sr. Alcalde-Presidente: É unha cuestión de seguridade que corresponde á policía que está fóra.

D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto: Se o local permite a presenza de máis público non ten sentido que estean fóra. Pide que se lles facilite a entrada.

Sr. Alcalde-Presidente: A policía está fóra intentando que entre todo o público posible. Ao Alcalde correspóndelle a organización interna da sesión. No que se refire ao asunto da orde do día, dálle a palabra ao Concelleiro de economía e facenda.

D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado: Trátase de avaliar dúas reclamacións ao orzamento para 2013. Hai informe do Interventor sobre as mesmas que permite rexeitalas, e así se propón.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: A proposta supón a aprobación definitiva do orzamento xeral. Expressa a súa oposición esta aprobación polos motivos que xa expuxo no momento da aprobación provisional.

D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto: Xa votou en contra dos orzamentos porque non se axustaban á realidade deste municipio. Comparte aspectos das alegacións que se refiren a determinadas partidas para fins sociais. Mantén aquela postura contraria aos orzamentos.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:


- Votos a favor: 9; PP.
- .. - Votos en contra: 7; PSOE e o Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Abstencións: 1; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

II.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DUCHAS E LAVAPÉS

A Comisión Informativa extraordinaria Especial de Contas, con data 10 de xuño de 2013, informa favorablemente o expediente da aprobación definitiva da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de duchas e lavapés, de conformidade coa seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a reclamación formulada por don José Cuevas Raposo no período de exposición ao público do expediente administrativo correspondente á "Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización de duchas e lavapés".



Considerando (de conformidade co indicado polo Interventor Xeral neste Concello nun informe do día 7.06.13, referencia T 59/13) que na reclamación citada non se indica ningún motivo legal ou xurisprudencial que impida ou cuestione a legalidade da tramitación e aprobación da ordenanza fiscal citada.

Considerando que a reclamación citada fai referencias, xenéricas ou puntuais, a diversos aspectos opinables referidos á conveniencia ou á oportunidade de aprobación da ordenanza fiscal en trámite.

Visto o indicado nun informe da Enxeñeira municipal, do día 7.06.13; así como o indicado nun informe do Interventor Xeral no Concello, do día 7.06.13, referencia T 59/13.

Esta Alcaldía, proponlle ao Concello Pleno a adopción dos seguintes **acordos**:

Primeiro.- Desestimar integramente a reclamación á "Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización de duchas e lavapés" formulada por don José Cuevas Raposo o día 31.05.13 (rexistro de entrada número 6.966).

Segundo.- Aprobar definitivamente a "Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización de duchas e lavapés".

Terceiro.- Notificar este acordo ao reclamante, indicándolle que contra o mesmo so se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou, no seu caso, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución de competencias indicadas na Lei 29/1998, de 13 de xuño) na forma e prazos establecidos nas normas da citada xurisdicción; sen prexuízo de que os interesados poidan interpor calquera outro recurso que estimen legalmente procedente.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Alberto García Pazos, do concelleiro delegado: Houbo unha alegación no período de información pública, que foi informada desfavorablemente pola Enxeñeira e o Interventor.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Neste asunto non puideron participar no momento da aprobación inicial, ao tratarse dun pleno urgente convocado sen respectar o prazo mínimo. Trátase de xustificar a decisión amparándose nun suposto aforro no consumo que non aparece acreditado, e sen ter en conta que o sistema que se monta leva consigo un custe superior ao importe do suposto aforro. A tarxeta vana vender por un prezo inferior ao seu custe, de xeito que se vai perder 1,80 euros en cada unha delas, sen contar gastos de mantemento dos equipos. Tírase o diñeiro público. Antes de montar esta parafernalia non estaría de máis empezar por cobrarlle a auga ás escolas de surf.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Non tiveron oportunidade de defender a súa posición no momento da aprobación inicial desta ordenanza, pola forma na que o Alcalde decidiu celebrar o pleno, á porta pechada. Non comparte a decisión do grupo de goberno sobre

este asunto. Nigrán xa dispuña dun sistema de duchas que funcionaba correctamente. E o goberno decide cambialo coa falsa escusa do aforro. Póde haber abusos, pero iso non xustifica unha decisión que prexudica aos posibles usuarios das duchas. O custo de instalación máis o das propias tarxetas e recargadoras hai que telo en conta. Ademais esquecéronse do subministro eléctrico e houbo que instalar paneis solares. A todo o anterior súmanse custes directos e indirectos, incluídos os de persoal municipal, a pesar de que o custo da instalación corría a cargo da empresa. Por outra parte, a acta de recepción das instalacións non está asinada pola empresa subministradora. Considera que a alegación á ordenanza ten sentido, porque incide nos custes que non se contemplan. Tampouco se teñen en conta os prexuízos para o turismo que isto pode supoñer. Votará en contra da ordenanza e apoia a alegación presentada.

Sr. Alcalde-Presidente: Todos puideron participar no debate do asunto no pleno correspondente. O Concello non fixo desembolso, xa que se conseguiu unha axuda de Augas de Galicia. Pensa que o consumo era excesivo que se póde corrixir, co correspondente aforro para os veciños de Nigrán. É certo que o sistema de tarxetas ten algúns aspectos complexos, que se tratan de resolver. Sobre as escolas de surf, quen lles facilitou o acceso ás casetas que desfrutara foi un goberno no que participaba o BNG, incluíndo o acceso gratuíto á auga. Tamén haberá que ver cómo se limita e se paga ese consumo.

D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto: Se non asistiu ao pleno da aprobación inicial, foi porque o Alcalde non negociou cos portavoces a data desa sesión.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP.
- Votos en contra: 8; PSOE e grupo Mixto.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

III.- PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE NIGRÁN: TRÁMITE DE APROBACIÓN INICIAL

A Comisión Informativa de Urbanismo, na sesión extraordinaria de 6 de xuño de 2013, formula ao Pleno a seguinte proposta:

Expte. nº: 2007/090S

1.-Antecedentes

A) Primeiras actuacións

O 26 de setembro de 2007 o Pleno do Concello acordou iniciar os trámites para



contratar a redacción dun Plan Xeral.

O 31 de xullo de 2008 asinouse coa UTE Arnaiz Consultores, S.L. -Tinsa Consultoría S.A., o contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Nigrán (en adiante PXOM), que fora adxudicado na sesión plenaria de 25 de xuño de 2008. O referido contrato foi modificado como consecuencia do acordo plenario de 22 de decembro de 2010 e do posterior decreto da Alcaldía 20 de xullo de 2011, a consecuencia das modificacións normativas sobrevidas.

En marzo de 2009 o equipo redactor presenta un documento de inicio/avance, que determinou a emisión, pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), do correspondente documento de referencia, con data 9 de xullo de 2009.

O 12 de novembro de 2009 o Consello Sectorial, creado para este fin, formulou determinadas propostas relativas a aspectos a considerar no PXOM, que, previo informe do equipo redactor, deu lugar ao posicionamento adoptado no Pleno extraordinario celebrado o 29-07-2010.

O 3 de febreiro de 2010 (n.º entrada 1.212) o equipo redactor presenta un documento de Avance do Plan Xeral de Ordenación Municipal, do que se tomou razón na sesión plenaria de 24 de febreiro de 2010, someténdose á información pública polo prazo de dous meses (publicándose anuncios no Faro de Vigo do 19-03-2010, no DOG de 09-04-2010 e no Taboleiro de Anuncios do Concello), dando lugar á presentación de suxestións.

O 31 de marzo de 2010 publícase a Lei 2/2010, de 25 de marzo, de Medidas urxentes de modificación de la Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. Na súa disposición transitoria primeira, apartado 3, sinala que os plans en tramitación que non alcanzasen a aprobación inicial á data de entrada en vigor desta Lei deberán adaptarse plenamente a ela.

O 11 de xuño de 2010, a Alcaldía formula consulta á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre as consecuencias da entrada en vigor da Lei 2/2010 para o procedemento de tramitación do PXOM. Con data 9 de agosto seguinte a citada Secretaría informa ao Concello sobre a necesidade de retrotraer o procedemento á fase de redacción do anteproxecto de plan para a súa tramitación ambiental.

Pola súa parte, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, mediante escrito de 30 de xuño de 2010 (recibido o 02-07-2010, n.º entrada 8.903) xa indicara a necesidade de adaptar o procedemento á referida reforma legal, debéndose achegar un anteproxecto de planeamento, co contido que detalla, ao obxecto de avaliación e emisión dun novo documento de referencia. Desá comunicación deuse traslado ao equipo redactor, mediante escrito de 5 de xullo de 2010 (saída n.º 3.872).

Durante o proceso solicitouse información a diversos Organismos sobre materias da súa competencia, relevantes para a redacción do PXOM.

B) Anteproxecto

O equipo redactor presenta o 26-11-2010 o **Anteproxecto do PXOM** que, coa mesma data, remitiuse á CMATI, para a tramitación ambiental correspondente, e que deu lugar á emisión, o 21 de xaneiro de 2011, do **documento de referencia**.

C) Proxecto

O 2 de agosto de 2011, o equipo redactor presentou un primeiro proxecto de PXOM que, despois de valorado polos servizos técnicos e xurídicos municipais, foi substituído por outro novo, presentado o 27 de outubro de 2011, e parcialmente rectificando mediante documentos aportados con escrito de 17 de novembro; documentación que foi obxecto de informes técnico e xurídico.

Tamén se solicitaron diversos informes sectoriais e remitiuse o expediente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a efectos da emisión do informe preceptivo previo á aprobación inicial

Como resultado do anterior, obran no expediente os seguintes informes:

- Ministerio de Fomento, Dirección general de infraestructuras ferroviarias. Informe 29-11-2011 (entrada 09-12-2011, n.º 15.407), sinalando que actualmente non existe ningunha infraestrutura ferroviaria en servizo nin planificada a corto ou medio prazo dentro do termo municipal de Nigrán.
- Augas de Galicia, da CMATI. Informe de 17-02-2012. (entrada 22-02-2012, n.º 2.204) indicando que mentres non se recollan na documentación definitiva as observacións que formula (tocantes ao abastecemento, saneamento, proteccións relacionadas co dominio público hidráulico...) non é posible informar de xeito favorable o PXOM, con carácter previo á aprobación inicial, e lembrando que no caso de que se prosiga coa tramitación, logo da aprobación inicial tamén deberá ser sometido o PXOM ao informe sectorial da administración hidráulica.
- Ministerio de Fomento, Dirección general de aviación civil. Informe de 05-03-2012 (entrada 12-03-2012, n.º 3.214) formulando determinadas observacións relativas á salvagarda das zonas de servidumes aeronáuticas legais correspondentes ao Aeroporto de Vigo, que afectan a parte do termo municipal de Nigrán.
- Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, da CMATI. Informe de 04-04-2012 (entrada 23-04-2012, n.º 5.575), que contén diversas consideracións sobre a protección da paisaxe; analiza a coherencia do PXOM coas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), co Plan de ordenación do Litoral (POL) e restantes instrumentos de ordenación do territorio previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia, e conclúe coa necesidade de adaptar o modelo territorial ao previsto na citada normativa.
- Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da CMATI. Informe



de 19-04-2012, (entrada 23-04-2012, n.º 5.574), previo á aprobación inicial, previsto no art. 85.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), no que se advirten deficiencias relativas ao modelo territorial e estrutura xeral e orgánica (aludindo á capacidade residencial actual e prevista, ao modelo de ordenación e ás dotacións urbanísticas), facendo referencia a diversas cuestións sobre as clasificacións do solo, a estratexia de actuación, ao estudo económico e á memoria de sustentabilidade económica; ao catálogo, á normativa e outros aspectos de carácter documental.

- Secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da CMATI. Informe do 19-04-2012 referido á materia de costas (entrada 24-04-2012, n.º 5.676), no que aborda cuestións relativas ao deslinde do dominio público marítimo-terrestre, e aspectos da normativa urbanística e planos do PXOM en relación coa lexislación de costas.
- Axencia Galega de Infraestruturas, da CMATI. Informe de 11-05-2012 (entrada 23-05-2012, n.º 6.895), que, despois de analizar a documentación e cualificación relativa ás estradas autonómicas, así como aos distintos tipos de solo afectados, e de referirse á estratexia de actuación, ao estudo económico e á Ronda de Vigo, conclúe pronunciándose en sentido desfavorable, indicando que deben subsanarse as deficiencias detectadas e remitirle novamente o expediente para a emisión de informe.
- Subdirección General de Dominio Público Marítimo-Terrestre, Dirección general de sostenibilidade de la costa y del mar, Secretaria de Estado de Medio Ambiente, do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. Informe de 25-05-2012 (entrada 30-05-2012, n.º 7.216), que sinala a existencia de determinadas deficiencias (que afectan á documentación gráfica e escrita, á necesidade de xustificar a densidade de edificación na zona de influencia ou de axustar usos á lexislación de costas, entre outras) e indica que o expediente corrixido, completo e dilixenciado deberá ser remitido á referida Dirección Xeral, a través do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra, para emitir antes da aprobación definitiva o informe que dispoñen os arts. 112 a) e 117.2 da Lei de Costas.

D) Documento para a aprobación inicial

Á vista das actuacións, o 31 de maio de 2012, requiriuse á empresa redactora para que introducíse nos documentos do PXOM as correccións ou modificacións necesarias para emendar as deficiencias indicadas nos informes citados, e para que presentase o documento para a aprobación inicial, deixando constancia da forma na que subsanase cada unha das deficiencias.

Mediante escrito presentados o 27 de setembro de 2012 (entrada n.º 12.197), completado con outro de 10 de outubro de 2012 (entrada n.º 12.863) o equipo redactor aporta a documentación do PXOM.

E) Informes municipais:

A referida documentación foi informada pola Enxeñeira Municipal (19-10-2012 e adicional de 20-11-2012), Arquitecto Municipal (23-10-2012, rfa. 256-11-1-TM), Técnico Administración Xeral (25-10-2012) e Interventor Municipal (29-11-2012, rfa. T107/12).

F) Propostas de ordenacións detalladas e convenios:

Entre os meses de setembro de 2012 e febreiro de 2013 presentáronse diversas iniciativas particulares referidas ás ordenacións detalladas dos sectores de Solos Urbanizables Delimitados (S.U.D) "O Viso", "Manzanares" e "O Carregal II", ordenacións que non se inclúen no documento do Plan Xeral que se somete á aprobación inicial.

Non se subscribiron convenios urbanísticos con motivo da formación do Plan Xeral.

G) Novo documento para a aprobación inicial

Mediante escrito de 29 de abril de 2013 (entrada n.º 5.352) o equipo redactor presenta documentación do PXOM, en formato papel e dixital, que, tralas subsanacións presentadas con escritos de 8 de maio de 2013 (entrada n.º 5.879) e 28 de maio de 2013 (entrada n.º 6.782), queda estruturada como segue:

- Documento I. Memoria
 - I.A. Memoria informativa,
 - I.B. Memoria xustificativa,
 - I.C. Memoria de tramitación
- Documento II. Estudo do Medio Rural e Análise do Modelo de Asentamento Poboacional
 - II.B. Fichas
- Documento III. Planos
 - III.A. Planos de Información
 - III.B. Planos de Ordenación
- Documento IV. Normas Urbanísticas
 - IV.A. Normativa Urbanística
 - IV.B. Fichas de Ordenación e Xestión
- Documento V. Catálogo de Bens a Protexer
- Documento VI. Estratexia de Actuación e Estudo Económico
- Documento VII. Informe de Sostenibilidade Ambiental
- Ordenación Detallada SUD-4 As Angustias
 - Anexo II Xustificación do cumprimento das determinacións do POL
- Documento "Resumo executivo"

H) Informes municipais:

Mediante providencias da Alcaldía de 29 de abril e 8 de maio de 2013 solicitáronse informes sobre o referido documento do PXOM ao Arquitecto, á Enxeñeira, ao Técnico de Administración Xeral e ao Interventor, que foron emitidos, respectivamente, o 16-5-2013 (rfa.



076-13), o 10-5-2013, o 24-5-2013 e o 24-5-2013 (rfa. T 48/13). Neles deixase constancia de que aínda existen determinadas deficiencias na documentación presentada, que deben ser obxecto de subsanación.

Con data 29-05-2013 emite informe o Secretario Xeral e o 03-06-2013 o Arquitecto municipal aclara un erro advertido no seu informe de 16-05-2013.

2.-Proposta

Tendo en conta o sinalado e os demais pormenores do expediente, de conformidade co previsto nos arts. 22.2.c da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 85.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Nigrán que se contén na documentación presentada o 28 de maio de 2013 (entrada nº 6.782) e nas copias da mesma.

SEGUNDO.- Acordar a suspensión dos procedementos de outorgamento de licenzas en todo o termo municipal de Nigrán, de conformidade co previsto nos arts. 77 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e 120 do Real Decreto 2159/1978, do 23 de xuño, do Regulamento de Planeamento Urbanístico.

Esta suspensión terá unha duración máxima de dous anos a contar da presente aprobación e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva do Plan Xeral.

De xeito excepcional, durante o período de suspensión poderán concederse aquelas licenzas que se amparen no réxime das vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, sempre que se respecten, ademais, as determinacións do novo Plan Xeral en trámite, e, en particular, poderán concederse licenzas nas Áreas de Planeamento Incorporado contempladas no novo Plan: API-1 "Porto do Molle", API-2 "Dunas de Gaifar" e API-3 "Os Abetos".

Ademais, en termos xerais, a suspensión tampouco afectará ás solicitudes de licenzas de obras menores relativas á mera conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente.

TERCEIRO.- Someter o plan aprobado inicialmente, con todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído o informe de sustentabilidade ambiental, ás consultas previstas no documento de referencia e ao trámite de información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincia. Simultaneamente, e durante o mesmo prazo, daráselles audiencia aos municipios limítrofes e solicitaranse os informes sectoriais necesarios.

CUARTO.- Facultar ao Alcalde para que impulse o procedemento mediante a realización dos trámites necesarios, para que o documento poida, no seu momento, ser sometido ao Pleno para a súa aprobación provisional, coas modificacións que proceda introducir como resultado da tramitación seguida, incluída tamén a corrección das deficiencias aínda non subsanadas,

consignadas nos informes previos á aprobación inicial.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Despois de seis anos tráese o documento ao pleno para a aprobación inicial. Ten varios obxectivos fundamentais: actualizar o marco legal, xa obsoleto, das Normas Subsidiarias de 1991 e dar solucións a problemas que existen, fundamentalmente nas parroquias do interior; situacións particulares e xerais. Ademais prevese un certo crecemento que se orienta basicamente ao solo de núcleo rural que pasa ter uns sete millóns de metros cadrados. Así, na parroquia de Chandebrito increméntase nuns 90.000 m²; na de Priegue, uns 540.000; na de Nigrán o incremento é duns 315.000 m²; en Panxón 525.000 m²; na de Camos, 540.000 m²; en Parada 430.000 m², e en San Pedro 280.000 m². En número de vivendas o incremento previsto é dunhas 5.500 vivendas. A partir de hoxe aínda queda moito traballo. Hai que mellorar e resolver certos aspectos. Nigrán aspira a un crecemento sostible e ordenado. Se seguimos retrasando os procedementos cada vez será máis difícil aprobalo. Trátase dun primeiro paso. Vaise publicar a aprobación inicial e haberá polo menos dous meses para alegacións. Entre todos temos que tratar de seguir avanzando.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista: Pide que conste a protesta do grupo Socialista pola retirada de cadeiras do salón de plenos co obxectivo de impedir que os veciños e veciñas asistan, a non ser aqueles que quere o Alcalde. É que quede constancia de que o Alcalde ampara a restrición de acceso ao público a través da policía. Pide que a sesión plenaria se traslade ao auditorio ou salón de actos.

Sr. Alcalde-Presidente: Este é o salón de plenos.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista: Nigrán necesita un Plan Xeral. Este proceso iniciouse durante un goberno no que participaba o PSOE. Apostaron pola participación e, así, creouse o Consello Sectorial e potenciouse a intervención das asociacións das parroquias. A intención era que todo o mundo tivese as mesmas oportunidades. Os fallos, non todos se poden imputar ao equipo redactor. Transparencia e participación son as máximas. Agora o goberno apártase do acordado no Consello Sectorial. Pregunta cal é o papel do concelleiro de urbanismo, porque sabe de urbanismo e non coñecen a súa opinión, nin tampouco a dos demais concelleiros do grupo de goberno. Chama a aqueles concelleiros que non esperan obter nada do Plan a que se pronuncien.

Sr. Alcalde-Presidente: Se ten algunha acusación concreta que facer fágaa directamente e vaia ao xulgado.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista: A propia convocatoria deste pleno e as previas reunións "exprés" do Alcalde nas parroquias, fóra dos locais das entidades veciñais, marcan a súa forma de actuación. Este é un mal plan para o interior e para a costa. Fala o Alcalde de millóns de metros cadrados de incremento, pero os veciños saben que ao mellor están máis beneficiados coas normas actuais. A afección dese vial de alta capacidade aparece clara no plan: afecta terreos e casas, aínda que non se faga. O Alcalde di que é unha simple raia que, por certo, non afecta ao alcalde nin a ningún dos seus concelleiros. Ademais, vai en



contra do que antes propuña, que era a supresión do vial; momento no que foron dicindo porta por porta que o PSOE iba a tirar casas co vial, facendo demagogia. O plan é malo. Este plan así non vale a pena. Presentaron unhas propostas na comisión informativa para mellorar o plan. As propostas do PSOE son claras: retirada da vía Xunqueira-Priegue; retirada do porto deportivo de Panxón; actualización de planos nos que faltan vivendas, nova delimitación dos núcleos tendo en conta a realidade, con cartografía actualizada. Nos planos de ordenación non se reflicten parcelacións e aliñacións. Revisión de ámbitos de imposible xestión. Que se reelaboren os documentos económicos antes da aprobación inicial. Hai fallos imperdoables. Afectan 45.000 m² a Parada, non se sabe para que e a un prezo de 5 euros/m². É un mal documento. Colocan o porto de Panxón en Camos. O SUD-12 (fábrica de bloques) póneno en Panxón. Monte Lourido aparece en Priegue. As afeccións do POL chegan a San Román en Priegue e a Chandebrito, pero non a terreos situados na desembocadura do río Muíños. Habería que saber de quen son uns terreos e os outros. Enchen Vilariño de polígonos irrealizables, como o serán tamén os urbanizables de Ramallosa e Panxón. Presentan un centro urbano de Nigrán fragmentado por vías de comunicación. Este será o documento que, a pesar das alegacións e con pequenas variacións, se vai a aprobar definitivamente. Pide que se aprace a aprobación e que nun mes se volva a traer coas correccións necesarias.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: A tramitación do plan xeral para a súa aprobación inicial, foi semellante á do tanque de tormentas. Este é o nivel de importancia que o goberno lle da ao trámite do plan. Sería necesaria a celebración dunha serie de reunións previas nas que se presentase técnica e pormenorizadamente o plan. Tal como se fixo non é serio, tratando de que non lle dea tempo á oposición política, e sobre todo á social, a organizarse. Ampáranse na exigua maioría absoluta para actuar así. Falta consenso político e consenso social para levar a cabo o plan. Por outra parte, os partidos da oposición máis outra formación sen representación no pleno, pero que ten manifestado o seu rexeitamento, suman máis votos que o PP. Se alguén non conta coa lexitimidade dos votos para a aprobación inicial do Plan é o goberno. E máis se se ten en conta o sinalado nos informes sobre a existencia de deficiencias na documentación que deben ser subsanadas. Así, as redes de saneamento non contemplan correctamente as previsións, e tampouco reflicten axeitadamente a situación existente; a cartografía non recolle todas as vivendas existentes, contén planos heteroxéneos segundo as zonas, uns con parcelario e outros non; fallan as aliñacións, e parecen recoller a situación existente sen planificar as que se pretenden implantar. No acordo contéplase o prazo de información pública durante dous meses, a pesar de que o alcalde dixo que sería de polo menos dous meses, e que ademais coincidirán co período de vacacións. Fai unha proposta: que falemos só de cuestión urbanísticas. E para iso, déixese sobre a mesa para traelo o vindeiro mes á aprobación inicial, coas cuestións básicas corrixidas; e ampliése o prazo de información pública a tres meses, para compensar o feito de que coincida durante o verán. Se así se fai, elimitarase ao debate estritamente urbanístico.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Está perplexo pola forma na que se está levando este proceso. En febreiro formulou unha moción ao pleno, que despois se rexeitou nunha sesión á porta pechada, a pesar de que o poñente non estaba presente. Alí advertía que a situación ía acabar mal. A adxudicación a este equipo redactor foi un erro. Un dos factores negativos tamén foi o prezo reducido de partida. O goberno daquel momento non quixo parar o proceso e seguiu adiante para non perder tempo. Pero agora imos perder todos estes anos, porque este traballo é impresentable. Recorda o pronóstico que xa fixo no pasado sobre a

inviabilidade deste plan, á vista dos informes sectoriais desfavorables, e tamén dos técnicos municipais, sobre todo o do Interventor, que destaca a inviabilidade económica do plan e propón a reelaboración do documento. Isto debe determinar a devolución do mesmo á empresa adxudicataria. A todo anterior únense os incumprimentos de prazos polo contratista, que tamén é o responsable da calidade técnica dos traballos. Poderíamos estar diante dunha causa de resolución do contrato, como el propuxo ao pleno. Os informes dos técnicos evidenciaron moitas deficiencias que o equipo non foi capaz de corrixir. O plan non é viable economicamente, nin se pode levar a cabo. Despois de quince anos seguimos sen plan. E a empresa non está capacitada para desenvolver o traballo. Ademais os propios prazos deste contrato están sobrepassados. Este é un plan incoherente, cunha cartografía desactualizada entre outros erros. Este pleno é unha torpeza na forma en que se convocou. Deixou de lado ao Consello Sectorial. Polas parroquias debeu ir o equipo redactor, para dar unha explicación máis fundada. O Alcalde deberá escoitar á oposición e á sociedade. Aínda hai moitos erros de bulto, a pesar de que se incorporaron algunhas das súas suxestións, coma a zona verde entre as rotondas da autoestrada, en lugar dun PERI, ou a eliminación da zona verde de Panxón vencellada á múltiples urbanizables, que non tiña sentido. Ademais está a suspensión de licenzas, que durante dous anos só permitirá facer pequenas reformas. Pide que se rescinda o contrato e que se esixan á empresa danos e perdas. A súa falta de rigor é evidente. Así, calcula que se crearán 9.900 empregos novos, sobre a base dun estudio feito para o consorcio de transportes de Madrid. Utiliza datos de 2008 para facer previsións e fala de ordenanzas fiscais ou tipos do ICIO que non son correctos. Por outra parte, moitos veciños pasarán a pagar IBI e non poderán construír, entre outras razóns porque os terreos carecen dos viais necesarios. Os urbanizables son maioritariamente irrealizables e a algúns dásele máis edificabilidade da que indica a Xunta. Ese vial do Vigo Integra que parte o concello non é asumible, é un grave erro contemplalo, porque ademais non ten continuidade cara Vigo. Outro vial, das Angustias a os Abetos, tampouco se sostén. Non resolve nada, e hai que ver que en Condomínguez non transforme solo en urbanizable. O seu voto será contrario ao Plan.

Sr. Alcalde-Presidente: O Sr. Fdez. Comesaña ven a dicir que este plan é mellor que o anterior. Hai vinte días que teñen a última información. O que teña que pasar coa empresa, pasará. Non se pode agora volver a empezar. O que fai falla é traballar para mellorar isto. A suspensión de licencias non afecta a todo o territorio. Non hai ningunha urbanización en Condomínguez, senón solo protexido. Para o vial novo aparece unha reserva de solo, que supón unha afectación, porque no mandato anterior e durante o goberno bipartito da Xunta saíu o plan "Vigo integra" que prevía un vial de alta capacidade totalmente fragmentador, e ese foi contra o que o actual equipo de goberno se manifestou. E o anterior Alcalde socialista compartía esa oposición, pedindo que fose o plan o que prevese, e así xa figuraba na previsión do plan en 2011. A diferenza é que agora vai por solo rústico e non sobre vivendas. Tamén se reducen os ámbitos de planeamento para facilitar a súa xestión. O PSOE critica cousas que el mesmo prevía, e tamén que o Alcalde vaia polas parroquias. O documento mellora a situación de Nigrán, e o que non se pode é retroceder vinte anos. Recolle propostas do Consello Sectorial, das asociacións veciñais e dos propios grupos municipais. O documento vai mellorar, e xa houbo melloras sobre a versión anterior. Houbo total transparencia, ata se colgou na páxina web e facilitouse ás asociacións. Os datos xustifican o crecemento que se propón. A razón de que se rompese o pacto co PSOE foi que este tivo escondido o plano de abril de 2011 que prevía ese vial. Non se pode dicir que a oposición ten máis votos que o goberno. Os veciños pidenlle que siga adiante coa tramitación. Os votos son os que saen da lei electoral. O que



agora se di é que eses erros detectados hai que corrixilos antes da aprobación provisional. Non está de acordo en deixalo sobre a mesa, nin en volver a empezar. Pódese valorar a ampliación do prazo de información pública, sen prexuízo de que xa se vai poder a vir a preguntar aos técnicos sobre o documento antes de que empece o período de exposición pública. Por outra parte, o mes de agosto tamén pódese ser beneficioso para as persoas que teñen aquí a segunda residencia e que poderán aproveitar as vacacións para ver o plan. Ademais, se fose necesario alargarase o prazo. Non defenderán como goberno nada que non beneficie ao municipio.

D. Ignacio Vilas González, concelleiro de urbanismo: Ao Sr. González dille que non se pode vir aquí a enganar ao pobo. Todos os concelleiros estaban invitados a participar na mesa de traballo e o PSOE non asistiu e fixo a proposta o último día. Os concelleiros están para defender ao pobo e non para enganalo.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista: Non se pode acusar á xente de mentir. Ao grupo socialista non lle gusta o plan. É moi bo para algúns concelleiros de Nigrán e para algúns do público que aplauden. Presentaron propostas concretas na Comisión e non foron atendidas. Se todo é culpa do PSOE, por que o aproban. Presentan unha proposta de consenso sobre seis puntos que afectan á legalidade do plan. Non é o plan do PSOE, senón de quen o aproba por maioría absoluta.

Sr. Alcalde-Presidente: É certo que o plan non é do PSOE. Na etapa do PSOE presentáronse 404 suxestións e non contestaron ningunha. Din que é malo porque se aproba no mandato do PP, e o PSOE non foi quen de aprobar nada. O PSOE non apareceu na mesa de traballo. As suxestións que fixo na Comisión pódense ter en conta na seguinte fase, o contrario é non avanzar.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Protesta pola falla de cadeiras para o público que se retiraron do pleno. Valora o traballo dos técnicos municipais, que, ao igual que a Xunta, cuestionan seriamente o plan. Invita a que o deixen sobre a mesa, a que o traian o próximo mes e se amplíe o prazo de información pública.

Sr. Alcalde-Presidente: Ese cuestionamento feito polos informes sectoriais provocou modificacións, e aínda hai outras que introducir. E así se di no acordo. Valorarase a ampliación da exposición pública.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: A suspensión de licenzas debería aclararse máis, así o di o técnico de administración xeral. O risco de que a empresa nos deixe colgados é alto. Xa hai incumprimentos contractuais. É certo que se lle aceptaron certas suxestións. Comparte a petición de que quede sobre a mesa, porque este documento non é legal. Basta ver o informe do Interventor. Lembra que en Gondomar tumbouse o plan por defectos económicos. Pide que se corrixa e que, nun ou dous meses, se traia corrixido.

Votación e acordo sobre a petición do grupo mixto de que o asunto quede sobre a mesa.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PSOE e grupo Mixto.

- Votos en contra: 9; PP.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno rexeita a petición de deixar o asunto sobre a mesa.

Votación e acordo sobre o asunto.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP.
- Votos en contra: 8; PSOE e grupo Mixto.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, que representa a maioría absoluta legal, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta da Comisión Informativa.

IV.- COMUNICACIÓN DO GRUPO PSdeG-PSOE: ADSCRICIÓN DA CONCELLEIRA D.ª ANA PÉREZ PÉREZ ÁS COMISIÓNS INFORMATIVAS

Infórmase ao Pleno do escrito de 20 de maio de 2013 (registro de entrada n.º 7.444): no que D Juan A. González Pérez como portavoz del Grupo Municipal del PSdeG-PSOE solicita que a concelleira Ana Pérez Pérez sexa adscrita as comisións informativas, tanto como titular como suplente, substituindo a aquelas das que formaba parte a anterior concelleira Rosa Manuela Vilán Costas.

Deste xeito, as diferentes Comisións quedan integradas no seu conxunto, da seguinte forma:

1.- Comisión Especial de Contas:

Grupo	Titulares	Suplentes
PP	D. Alberto García Pazos Dª. Mª José Pino Fernández Dª. Mª del Carmen Alonso-Macías Jorreto Dª. Ana Rosa Costas Abalde	D. Ignacio Vilas González Dª. Liliana Silva Pequeño D. José Álvarez Valverde Dª. Rosa Rodríguez Rodríguez
PSOE	Dª. M.ª Dolores Martínez Losada D. Rubén Rial Sánchez D. Manuel Doldán Costas	Dª. M.ª Dolores Araujo Duarte Dª. Ana Pérez Pérez D. Juan A. González Pérez
MIXTO	D. Antonio Fernández Comesaña	D. Xavier Rodríguez Fernández



2.- Comisión de Urbanismo:

Grupo	Titulares	Suplentes
PP	D. Alberto García Pazos D. Ignacio Vilas González D ^a . M ^a del Carmen Alonso-Macías Jorreto D ^a . Ana Rosa Costas Abalde	D. M ^a José Pino Fernández D ^a . Lilitiana Silva Pequeño D. José Álvarez Valverde D ^a . Rosa Rodríguez Rodríguez
PSOE	D. Juan A. González Pérez D ^a . Ana Pérez Pérez D. Manuel Doldán Costas	D ^a . M ^a Dolores Martínez Losada D ^a . M ^a Dolores Araujo Duarte D. Rubén Rial Sánchez
MIXTO	D. Xavier Rodríguez Fernández	D. Antonio Fernández Comesaña

3.- Comisión de Asuntos Xerais:

Grupo	Titulares	Suplentes
PP	D. Alberto García Pazos D ^a . M ^a José Pino Fernández D ^a . M ^a del Carmen Alonso-Macías Jorreto D ^a . Ana Rosa Costas Abalde	D ^a . Lilitiana Silva Pequeño D. José Álvarez Valverde D ^a . Rosa Rodríguez Rodríguez D. Ignacio Vilas González
PSOE	M ^a Dolores Araujo Duarte D ^a . Ana Pérez Pérez D. Rubén Rial Sánchez	D. Manuel Doldán Costas D ^a . M ^a Dolores Martínez Losada D. Juan A. González Pérez
MIXTO	D. Xavier Rodríguez Fernández	D. Antonio Fernández Comesaña

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.